



Sr. Secretario Xeral de Calidade e
Avaliación Ambiental
Consellería de Medio Ambiente,
Territorio e Infraestruturas
Xunta de Galicia

D. Serafín J. González Prieto, Presidente da SGHN, en relación coas Consultas sobre contido do Estudio de Impacto Ambiental do proxecto Parque Eólico Cabanelas (concellos de A Estrada e Forcarei, Pontevedra), promovido por Gamesa, clave 2010/0253,

Distancias 3-4 km ós LIC Serra do Cando e Serra do Candán

EXPÓN:

1. Que, de acordo coa documentación recibida e coa Directiva 92/43/CEE, o proxecto non afectaría directamente a hábitats de conservación prioritaria na Unión Europea.
2. Que, de acordo coa documentación recibida e coas categorías contempladas nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007), o proxecto podería afectar a 7 especies catalogadas (*Chioglossa lusitanica*, *Rana iberica*, *Galemys pyrenaicus*, *Circus cyaneus*, *Rhinolophus ferrumequinum*, *Rhinolophus hipposideros* e *Myotis myotis*).

Por todo o cal,

SOLICITA:

Que o Estudio de Impacto Ambiental do proxecto de Parque Eólico Cabanelas (concellos de A Estrada e Forcarei, Pontevedra), promovido por Gamesa, clave 2010/0253:

1. Avalíe con detalle e rigor as posibles afeccións do proxecto sobre as especies incluídas nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas presentes na zona e contemple a adopción de medidas mitigadoras:
 - a. *Chioglossa lusitanica*, *Rana iberica* e *Galemys pyrenaicus*: mortandade nos viais de acceso por atropelo e atrapamento en gabias, taxeas, pasos canadienses, etc.
 - b. *Circus cyaneus*, *Rhinolophus ferrumequinum*, *Rhinolophus hipposideros* e *Myotis myotis*: mortandade por impacto cos aeroxeneradores e perturbacións sobre a súa utilización dos hábitats na contorna do parque eólico durante todas as fases do ciclo vital.
 - c. Contemple a inclusión de todas as medidas preventivas e/ou correctoras recomendadas nos Plans de conservación de *Chioglossa lusitanica*, *Rana iberica*, *Galemys pyrenaicus*, *Circus cyaneus*, *Rhinolophus ferrumequinum*, *Rhinolophus hipposideros* e *Myotis myotis* que teña elaborados (ou en elaboración) a Xunta de Galicia de acordo co previsto nos artigos 15 e 16 do Decreto 88/2007.
2. Avalíe a mortandade de anfíbios, réptiles, aves e mamíferos nos viais de acceso (atropelo e atrapamento en gabias, taxeas, pasos canadienses, etc.) e a adopción de medidas eficaces para mitigala.

En Santiago de Compostela, a 14 de marzo de 2011